



Concello do Vicedo

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

DON JOSÉ JESÚS NOVO MARTÍNEZ, ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DO VICEDO, PROVINCIA DE LUGO,

Sendo necesario proceder á contratación laboral temporal, mediante concurso-oposición, dun/dunha PEÓN DE SERVIZOS MÚLTIPLES, baixo a modalidade de contrato de traballo de duración determinada por circunstancias da produción, a xornada completa (100%), con data prevista de inicio o próximo día 16 de marzo de 2023 ata o 15 de setembro de 2023, cunha duración de 6 meses, sendo en todo caso a data límite o 31 de outubro de 2023, dentro do programa “Fomento do emprego do Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2022”, financiado pola Excm. Deputación Provincial de Lugo, ao abeiro das bases publicadas no BOP de Lugo de 10 de xaneiro de 2022.

Visto o art. 21.1 g) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local,

RESOLVO

1º.- Prestar aprobación ás bases para a contratación laboral temporal, dun/dunha peón de servizos múltiples, baixo a modalidade de contrato de traballo de duración determinada por circunstancias da produción, a xornada completa (100%), con data prevista de inicio o próximo día 16 de marzo de 2023 ata o 15 de setembro de 2023, cunha duración de 6 meses, sendo en todo caso a data límite o 31 de outubro de 2023, dentro do programa “Fomento do emprego do Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2022”, financiado pola Excm. Deputación Provincial de Lugo, ao abeiro das bases publicadas no BOP de Lugo de 10 de xaneiro de 2022.

BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, DE DUN/DUNHA PEÓN DE SERVIZOS MÚLTIPLES, A XORNADA COMPLETA (100%), DENTRO DO PROGRAMA “FOMENTO DO EMPREGO DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2022”, FINANCIADO POLA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, CON ADSCRICIÓN Ó SERVIZO DE OBRAS E MANTEMENTO DO CONCELLO DO VICEDO.

1º.- NORMAS XERAIS.-

A selección rexerese polo previsto nestas bases, Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, Texto refundido da lei do Estatuto básico do emprego público, Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración Local de Galicia, Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas urxentes para a



reforma da función pública, modificada pola Lei 23/88, do 28 de xullo, Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, Real Decreto legislativo 781/86, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, Real Decreto 364/95, Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, ao programa “Fomento do emprego do Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2022”, financiado pola Excm. Deputación Provincial de Lugo, ao abeiro das bases publicadas no BOP de Lugo de 10 de xaneiro de 2022, e o Convenio colectivo vixente para persoal laboral do Concello do Vicedo sobre condicións laborais e económicas, aprobado polo Pleno do concello o día 10 de xuño de 2009.

2º.- CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABAJO.-

O cometido funcional deste posto de traballo consistirá na realización das tarefas que lle sexan encomendadas polo persoal responsable dos servizos municipais correspondentes do Concello do Vicedo, de acordo coas instrucións recibidas ao efecto.

3º.- DURACIÓN DO CONTRATO.-

O contrato asinarase baixo a modalidade de contrato de traballo de duración determinada por circunstancias da produción, a xornada completa (100%), con data prevista de inicio o próximo día 16 de marzo de 2023 ata o 15 de setembro de 2023, cunha duración de 6 meses, sendo en todo caso a data límite o 31 de outubro de 2023, no horario que demande o servizo. Establécese un período de proba dun mes.

4º.- RETRIBUCIÓN.-

As retribucións serán as correspondentes ó grupo E, complemento de destino 14, e complemento específico 48,60 euros ao mes.

5º.- REQUISITOS DAS PERSOAS CANDIDATAS.-

a) Ser española ou posuír a nacionalidade de calquera dos Estados membros da Unión Europea ou a dalgún dos Estados aos que sexa de aplicación a libre circulación de persoas traballadoras nos termos definidos no Tratado Constitutivo da Unión Europea, en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, todo isto nos termos do artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público.

b) Ter cumpridos os 16 anos de idade, e non superar a idade máxima de xubilación.

c) Estar en posesión da titulación de estudos primarios ou certificado de escolaridade. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fielmente a súa homologación.

d) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias da praza.

e) Non estar separada mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionaria do que estivese separada ou inhabilitada. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitada ou en situación equivalente nin ser sometida a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

f) Non incorrer en causa de incapacidade ou incompatibilidade de acordo coa lexislación vixente.



g) Non ter sido contratada por este concello máis de 12 meses dentro dos últimos 24 meses inmediatamente anteriores, de ser o caso, á data de inicio do contrato. Non se terán en conta os contratos formativos, de relevo e interinidade, nin os contratos temporais celebrados no marco de programas públicos de emprego-formación, así como os contratos temporais que sexan utilizados por empresas de inserción debidamente rexistradas e o obxecto dos ditos contratos sexa considerado como parte esencial dun itinerario de inserción personalizado. Ós efectos do cómputo el número de contratos, período e prazos, tomarase en conta o contrato vixente a 31/12/2021 e posteriores.

h) Estar en situación de desemprego ou de mellora de emprego. De acordo co establecido no último parágrafo da Base 11ª.1 do Plan único de cooperación cos concellos 2022 da Excm. Deputación Provincial de Lugo: “É imprescindible que as persoas a contratar a través deste programa produzan novas contratacións no concello, polo que a situación ou procedencia dos candidatos debe provir da situación de desemprego ou de mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa, quedando excluídos os custes de persoal referidos a traballadores incluídos no cadro de persoal vixente do concello”, o cal se acreditará mediante informe períodos de inscrición como demandante de emprego emitido polo Servizo Público de Emprego

Estes requisitos deberán acreditarse antes da finalización do prazo de presentación de instancias. A persoa seleccionada e antes da dación de alta deberá presentar certificado médico ou certificado de aptitude expedido por mutua autorizada acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.

6º.- SOLICITUDES.-

Quen desexe participar no proceso de selección, deberá presentar instancia acompañada da documentación que xustifique reunir os requisitos esixidos na base quinta, no rexistro xeral do Concello do Vicedo, ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. No caso que a solicitude se presente nun lugar distinto ao rexistro do Concello de O Vicedo, ademais deberá remitirse dentro de prazo copia da instancia correctamente selada por fax ao número 982590001.

Xunto coa instancia aportarase a documentación que a persoa aspirante desexe que sexa tida en conta no concurso, e conforme ao establecido nos apartados posteriores das presentes bases. En todo caso xunto coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

- DNI, ou no seu caso, documento equivalente expedido pola autoridade competente do país de orixe.
- Titulación esixida.
- Informe períodos de inscrición como demandante de emprego emitido polo Servizo Público de Emprego.
- Declaración xurada de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias da praza (Anexo III).
- Declaración xurada da persoa aspirante de non ter sido contratada por este concello máis de 12 meses dentro dos últimos 24 meses inmediatamente anteriores, de ser o caso, á data de inicio do contrato. Non se terán en conta os contratos formativos, de relevo e interinidade, nin os contratos temporais celebrados no marco de programas públicos de emprego-formación, así como os contratos temporais que sexan utilizados por empresas de inserción debidamente rexistradas e o obxecto dos ditos contratos sexa considerado como parte esencial dun itinerario



de inserción personalizado. Ós efectos do cómputo el número de contratos, período e prazos, tomarase en conta o contrato vixente a 31/12/2021 e posteriores (Anexo III).

- Declaración xurada de non ser separada mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin estar inhabilitada para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme (Anexo III).

- Declaración xurada de non estar incurso en causa algunha de incompatibilidade, de conformidade coa lexislación vixente (Anexo III).

- Méritos que se alegan (Anexo IV). Non se valorarán os méritos que non se acrediten.

Toda a documentación deberá presentarse en orixinal ou copia auténtica.

As persoas solicitantes manifestarán que reúnen todos e cada un dos requisitos enumerados nestas bases referidos á data na que remate o prazo de presentación de instancias.

Se dentro do prazo indicado, agás casos de forza maior, a persoa aspirante proposta non presentara toda a documentación ou da mesma se deducise que carece dalgún dos requisitos esixidos, non poderá ser contratada, quedando anuladas tódalas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidera incurrir por falsidade na solicitude de participación.

7º.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.-

O prazo de presentación de solicitudes queda aberto desde o día seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e por un período de dez días naturais.

8º.- LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.-

Rexistro xeral do Concello do Vicedo ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. No caso que a solicitude se presente nun lugar distinto ao rexistro do Concello do Vicedo, ademáis deberá remitirse dentro de prazo copia da instancia correctamente selada por fax ao número 982590001.

Por resolución da Alcaldía acordarase a admisión e exclusión das persoas candidatas e publicarase no taboleiro de edictos da Corporación e na sede electrónica don Concello do Vicedo <https://concellodovicedo.sedelectronica.es>, sinalándose un prazo de dous días hábiles, contados a partir do seguinte ó da publicación, para subsanar erros. Con indicación igualmente, do día e hora na que terá lugar a proba de selección.

De non existir persoas aspirantes excluídas, elevarase a definitiva esta lista provisional na mesma resolución de aprobación.

A lista definitiva publicarase do mesmo xeito que a provisional no prazo máximo de dous días hábiles contados desde o remate do prazo de alegacións.

9º.- TRIBUNAL DE VALORACIÓN.-

O Tribunal de valoración designarase e farase público xunto coa lista de persoas admitidas e excluídas provisional.

Poderá dispor a incorporación de asesores especialistas se así o estiman necesario ou axeitado, que actuarán con voz pero sen voto.

O dito tribunal estará facultado para interpretar as presentes bases, así como para resolver todas as dúbidas e problemas que poidan xurdir.



10. – SISTEMA DE SELECCIÓN. –

a) Fase de oposición: consistirá na realización das seguintes probas:

-Proba práctica: Esta proba simulará un suposto que poida darse no desempeño do posto de traballo que se convoca (relacionada con fontanería, electricidade, albanelaría, desbroce...), a proposta do Tribunal de Valoración, valorándose ata un máximo de 10 puntos, sendo necesario acadar 5 puntos para superar a proba.

- Proba de coñecementos: consistirá na contestación oral a dez preguntas formuladas polo Tribunal de Valoración, (agás as relacionadas con coñecementos básicos de cálculo matemático) relacionadas co temario que figura no Anexo I, outorgándose un punto por cada pregunta contestada correctamente, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 5 puntos para superar a proba.

b) Fase de concurso:

Rematada a fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso as persoas aspirantes que superen o exercicio anterior.

Puntuación de méritos:

- Por experiencia en traballos iguais ou semellantes:

- Experiencia na realización de iguais ou semellantes traballos na administración pública, ata 1 punto; outorgarase a puntuación de 0,10 puntos por mes traballado, acreditado con contratos de traballo e vida laboral.

- Experiencia na realización de iguais ou semellantes traballos na empresa privada, ata 0,50 puntos; outorgarase a puntuación de 0,05 puntos por mes traballado, acreditado con contratos de traballo e vida laboral.

Toda esta documentación deberá presentarse antes do remate do prazo para presentación de instancias. A falla de acreditación dos méritos alegados, determinará que estes non sexan tidos en conta polo Tribunal de Valoración, nin se valorarán aínda que se acrediten fóra do prazo de presentación de instancias, xa que non poderán subsanarse. Tampouco se requirirá as persoas interesadas para que os acrediten.

No caso de empate na puntuación final, acudirase para dirimila á outorgada na proba da fase de oposición. De persistir o empate, o Tribunal reiterará a proba de coñecementos coas persoas aspirantes declaradas aptas de igual puntuación ata eliminar aquelas que excedan do número de postos de traballo convocados (1), quedando o resto en lista de espera, ós efectos de renuncia, baixas ou calquera outra continxencia, sendo requirida a persoa traballadora que figure na lista con maior puntuación e así sucesivamente.

11. - RESOLUCIÓN. -

A resolución do proceso selectivo farase polo Presidente da Corporación municipal, por proposta do Tribunal cualificador.

12.- NORMA FINAL.-

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.



ANEXO I

1.- Organización municipal. O Alcalde: atribucións. O Pleno: atribucións. A Xunta de Goberno Local: atribucións.

2.- Especial coñecemento do Concello do Vicedo e comarca:

- Parroquias.

- Lugares.

- Praias, ríos, illas, montes.

- Rutas e lugares de interese turístico.

- Comarca natural da Mariña Luguesa: concellos e ríos principais.

3.- Coñecementos básicos en materia de cálculo matemático: sumas, restas, multiplicacións, división, quebrados, porcentaxes, raíces cadradas, promedios e cálculo de superficies de polígonos.

4.- Coñecementos básicos en materia de xeografía española e da Península Ibérica: capitais, provincias, comunidades autónomas, montes, ríos e accidentes xeográficos.

5.- Coñecementos básicos en materia de lingua galega e castelá: conxugación de verbos, sinónimos, antónimos e ortografía.



ANEXO II

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO DE SELECCIÓN, PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, DUN/DUNHA PEÓN DE SERVICIOS MÚLTIPLES, A XORNADA COMPLETA (100%), DENTRO DO PROGRAMA “FOMENTO DO EMPREGO DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2022”, FINANCIADO POLA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, CON ADSCRICIÓN Ó SERVIZO DE OBRAS E MANTEMENTO DO CONCELLO DO VICEDO.

DENOMINACIÓN DA PRAZA OU POSTO DE TRABALLO: PEÓN SERVICIOS MÚLTIPLES

CARÁCTER DA CONVOCATORIA: CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL	FORMA DE PROVISIÓN: CONCURSO-OPOSICIÓN
--	---


DATOS DO SOLICITANTE:
Apelidos e nome:
DNI:
Enderezo:
Enderezo electrónico:
Teléfono:

Manifesto expresamente, e baixo a miña responsabilidade, que reúno todas e cada unha das condicións esixidas nas bases reguladoras deste proceso, que coñezo e acepto, SOLICITO a admisión para tomar parte na selección.

O Vicedo, de de 2023

(Sinatura)

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DO VICEDO



ANEXO III

D. /Dña....., con DNI.....,
e domicilio en.....

En relación coa selección para a contratación laboral temporal, mediante concurso-oposición, dun/dunha PEÓN DE SERVICIOS MÚLTIPLES, baixo a modalidade de contrato de traballo de duración determinada por circunstancias da produción, a xornada completa (100%), con data prevista de inicio o próximo día 16 de marzo de 2023 ata o 15 de setembro de 2023, cunha duración de 6 meses, sendo en todo caso a data límite o 31 de outubro de 2023, dentro do programa “Fomento do emprego do Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2022”, financiado pola Excm. Deputación Provincial de Lugo, ao abeiro das bases publicadas no BOP de Lugo de 10 de xaneiro de 2022.

DECLARO BAIXO XURAMENTO:

- a) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias da praza.
- b) Non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario/a do que estivese separado/a ou inhabilitado/a. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ser sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.
- c) Non incorrer en causa de incapacidade ou incompatibilidade de acordo coa lexislación vixente.
- d) Non ter sido contratado/a por este concello máis de 12 meses dentro dos últimos 24 meses inmediatamente anteriores, de ser o caso, á data de inicio do contrato. Non se terán en conta os contratos formativos, de relevo e interinidade, nin os contratos temporais celebrados no marco de programas públicos de emprego-formación, así como os contratos temporais que sexan utilizados por empresas de inserción debidamente rexistradas e o obxecto dos ditos contratos sexa considerado como parte esencial dun itinerario de inserción personalizado. Ós efectos do cómputo el número de contratos, período e prazos, tomarase en conta o contrato vixente a 31/12/2021 e posteriores.

O Vicedo, a dedo 2023

(Sinatura)



ANEXO IV

PROCESO DE SELECCIÓN, PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, DUN/DUNHA PEÓN DE SERVICIOS MÚLTIPLES, A XORNADA COMPLETA (100%), DENTRO DO PROGRAMA “FOMENTO DO EMPREGO DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2022”, FINANCIADO POLA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, CON ADSCRICIÓN Ó SERVIZO DE OBRAS E MANTEMENTO DO CONCELLO DO VICEDO.

RELACIÓN DE MÉRITOS QUE SE XUSTIFICAN E FORMA DE ACREDITACIÓN

DON/A

DNI nº

1.-

2.-

3.-

4.-

5.-

6.-

7.-

8.-

9.-

10.-

(...)

O Vicedo, de de 2023

(Sinatura)



2º.- Convocar públicamente a quen desexe participar nas citadas probas para a selección dun/dunha PEÓN DE SERVIZOS MÚLTIPLES, baixo a modalidade de contrato de traballo de duración determinada por circunstancias da produción, a xornada completa (100%), con data prevista de inicio o próximo día 16 de marzo de 2023 ata o 15 de setembro de 2023, cunha duración de 6 meses, sendo en todo caso a data límite o 31 de outubro de 2023, dentro do programa “Fomento do emprego do Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2022”, financiado pola Excm. Deputación Provincial de Lugo, ao abeiro das bases publicadas no BOP de Lugo de 10 de xaneiro de 2022.

3º.- Ordear a publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na páxina web da Excm. Deputación Provincial de Lugo, no taboleiro de edictos da Corporación e na sede electrónica do Concello do Vicedo <https://concellodovicedo.sedelectronica.es> , e realizar cantos trámites sexan necesarios para o dito fin.

Mándao e asínao o Sr Alcalde - Presidente; no Vicedo a dous de febreiro de dous mil vinte e tres.

O Alcalde,

Ante min,

O Secretario

